

Formulario n.º 3: "Declaración responsable de non estar incurso/a en causas de imposibilidade de ser beneficiario/a de subvencións públicas"

D/D.^a _____,
con DNI n.º _____, actuando en nome e representación de

con CIF n.º _____,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non estar condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.- Non ter solicitado a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, atoparme en declaración de concurso, estar suxeito/a a intervención xudicial ou ser inhabilitado/a segundo a Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3.- Non dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

4.- Non estar incurso/a en ningún dos supostos da *Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas*, nin en calquera dos cargos electivos regulados na *Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral*, nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule esas materias.

5.- Atoparme ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7.- Atoparme ó corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, nos termos que regulamentariamente se determinen.

8.- Non ser sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións, segundo a Lei 38/2003, xeral de subvencións ou a lei xeral tributaria.

Tras ser advertido/a das responsabilidades legais que se derivan da falsidade de documentos administrativos, asino esta declaración, no Porriño, a día _____ de _____ de 2021.

Asdo.: O/a representante legal